

**D.<sup>a</sup> VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),**

**CERTIFICA:**

Que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 25 de outubro de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

---

**6.- MOCIÓN.**

Antes de entrar no punto sétimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, a sra. alcaldesa, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, presentándose as mocións que se recollen a continuación:

**1.- Moción do grupo municipal do PP para solicitar á Consellería de política social da Xunta de Galicia a dotación ao Concello de Teo dun centro de día municipal, para atención a persoas maiores e con discapacidade e con necesidades asistenciais de coidados, do 23 de outubro de 2023.**

(...)

A sra. alcaldesa cede a palabra ao concelleiro de medio ambiente rural e urbano, seguridade cidadá e benestar animal, D. Rogelio Lema Mougán.

O sr. Lema da conta da moción do seu grupo, que se recolle a continuación, para solicitar á Consellería de política social da Xunta de Galicia a dotación ao Concello de Teo dun centro de día municipal, para atención a persoas maiores e con discapacidade e con necesidades asistenciais de coidados, do 23 de outubro de 2023.

“O Concelleiro e Portavoz do Partido Popular de Teo, Rogelio Lema Mougán, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP de Teo, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

SOLICITAR A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA, A DOTACIÓN AO CONCELLO DE TEO DUN CENTRO DE DÍA MUNICIPAL, PARA ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES E CON DISCAPACIDADE E CON NECESIDADES ASISTENCIAIS DE COIDADOS.

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Constitución española refírese, a través dos artigos 49 e 50 a un sistema de servizos sociais promovido polos poderes públicos, que permita garantir a protección e atención particulares que necesitan colectivos como os das persoas maiores ou as persoas con discapacidade

A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia supuxo un avance importante de cara á atención que as administracións públicas prestan ás persoas que se encontran en unhas condicións de especial vulnerabilidade, necesitadas de apoios, ben para promover a súa autonomía persoal ou ben para dar resposta adecuada ao seu problema de dependencia.

Ese sistema, que evolucionou e alcanzou una importante transformación que debe seguir adaptándose ás necesidades de cada momento a fin de que as accións que veñen desenvolvéndose por parte dos poderes públicos, en este campo, se configuren como eficaces instrumentos de atención coa colaboración e participación de todas as administracións públicas.

O concello de Teo, cunha poboación censada, de preto de 20.000 habitantes e cunha franxa de idade do 20% que supera os 65 anos, precisa dispor dun Centro de Día Asistencial para as persoas que requiren de coidados relacionados coa dependencia e a discapacidade.

O concello de Teo quere dotarse dun Centro de Día Municipal que poida satisfacer as necesidades dos seus veciños e veciñas neste ámbito. Por esta razón dirixímonos a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, para que no menor tempo posible, articule os mecanismos precisos para que Teo poida contar con esta infraestrutura.

Presentamos esta moción a consideración do Pleno da Corporación municipal de Teo para **PROPOÑER** aprobación do seguinte

### **ACORDO:**

- 1- Manifestar a vontade da Corporación municipal de Teo para que por parte da Xunta de Galicia se proceda á implatación dun Centro de día asistencial, para as persoas da terceira idade ou con discapacidade que precisen destes coidados.

- 2- Trasladar o acordo á Conselleira de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia.

En Teo, a 23 de outubro de 2023”

(....)

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con doce votos a favor (9 PP e 3 PSdeG-PSOE) e cinco abstencións (3 BNG e 2 PXC), acorda:**

**1.- Manifestar a vontade da Corporación municipal de Teo para que por parte da Xunta de Galicia se proceda á implatación dun Centro de día asistencial, para as persoas da terceira idade ou con discapacidade que precisen destes coidados.**

**2.- Trasladar o acordo á Conselleira de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia.**

---

E para que conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

A secretaria xeral

Virginia Fraga Díaz

Visto e praxe

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz